

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO PROXECTO PEL RELEVO (CP 2019.3.81000.3) PARA O FOMENTO DA CONTRA-TACIÓN DA MOCIDADE DA PROVINCIA DA CORUÑA E DIRIXIDAS A AFRONTAR O RETO DEMOGRÁFICO NOS MUNICIPIOS DE MENOR POBOACIÓN, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL DO FONDO SOCIAL EUROPEO (AXUDAS EMP-POEJ), POLAS QUE SE REGULAN AS SUBVENCIÓNS ÁS EMPRESAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL.



BASES ESPECÍFICAS QUE DESENVOLVEN E COMPLEMENTAN A NORMATIVA CONTIDA NA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS E TRANSFERENCIAS PUBLICADA NO BOP NÚM. 72, DE 15.04.2019 (http://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/04/15/2019_0000002914.pdf)

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS E NORMAS COMÚNS

1. DENOMINACIÓN, FINANCIAMENTO E LIÑAS XERAIS DE TRAMITACIÓN.

1.1. Denominación.

As presentes bases teñen por obxecto regular as axudas PEL RELEVO destinadas a empresas e empregadoras legalmente establecidas nos territorios rurais definidos da provincia de A Coruña e que inclúan nos seus cadros de persoal a mozos e mozas inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil co ánimo de favorecer o relevo xeracional no tecido empresarial do territorio rural.

PEL-RELEVO súmase ao fomento do emprego xuvenil como peza clave para o desenvolvemento e o crecemento sustentable da provincia e enmárcase na liña 4 do Plan de Empleo Local da Deputación da Coruña que se constitúe como unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento da provincia co principal obxectivo de fixar poboación nos concellos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando oportunidades para o acceso a un posto de traballo ás persoas que habitan o territorio rural.

1.2. Financiamento.

As axudas PEL RELEVO-Creación de emprego para a mocidade, finciaranse segundo o seguinte sistema de cofinamento do Fondo Social Europeo reflectido o seu importe no Orzamento Xeral da Deputación da Coruña para o exercicio 2020:

PEL RELEVO		CODIGO PROXECTO 2019.3.81000.3	
LIÑA ORZAMENTARIA	IMPORTE	FINANCIAMENTO	
		FSE AXUDAS EMP_POEJ	DEPUTACIÓN
Axudas á contratación	432.000,00 €	396.964,80 €	35.035,20 €
Programa Mentorización	60.000,00 €	-	60.000,00 €
Eventos "Olla a Presión"	3.000,00 €	-	3.000,00 €
Pílulas formativas	3.000,00 €	-	3.000,00 €
TOTAL PROXECTO	498.000,00 €	396.964,80 €	101.035,20 €

A contía máxima desta liña de axudas enmárcase nos créditos dispoñibles na seguinte aplicación orzamentaria:

Liñas PEL	Aplicación orzamentaria	Créditos dispoñibles
Liña 4. Financiamento Europeo	0520/24100/470	432.000,00 €

O crédito para o financiamento destas axudas está condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia de xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

1.3. Liñas xerais da tramitación.

O procedemento de tramitación e as diferentes xestións relacionadas desenvolverase de xeito telemático.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Esta tramitación telemática aplicarase a todas as fases de xestión do procedemento: solicitude, concesión, xustificación e desistimento incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación, e os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 40 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, notificarase ás interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A resolución da solicitude de axuda, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia non competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 41 a 46 da antedita lei 39/2015, farase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que unha notificación individualizada. Esta publicación realizarase tamén na páxina web da Deputación á que se lle remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia.

2. FINALIDADE E OBXECTO.

A finalidade destas axudas é apoiar ao tecido empresarial rural na contratación laboral de mozos e mozas en situación de desemprego e inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e empadroados en concellos da provincia da Coruña coa seguinte característica de poboación:

Concellos con poboación igual ou inferior 5.000 habitantes			Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes con saldo demográfico negativo	
Aranga	Dodro	O Pino	Arzúa	A Pobra do Caramiñal
A Baña	Dumbría	Roís	Camariñas	Ponteceso
Boimorto	Fisterra	San Sadurniño	Cedeira	Pontedeume
Boqueixón	Frades	Santiso	Cee	Porto do Son
Cabana de Bergantiños	Irixoa	Sobrado	Coristanco	Santa Comba
Cabanas	Laxe	As Somozas	Malpica	Valdoviño
A Capela	Lousame	Toques	Melide	Vedra
Cariño	Mañón	Tordoia	Mugardos	Vimianzo
Carnota	Mazaricos	Touro	Muros	
Cerceda	Mesía	Trazo	Neda	
Cerdido	Moeche	Val do Dubra	Ortigueira	
Coirós	Monfero	Vilarmaior	Outes	
Corcubión	Muxía	Vilasantar	Oza-Cesuras	
Curtis	Pademe	Zas	Padrón	

Estes incentivos terán o obxecto de crear oportunidades de acceso a emprego estable e de calidade, converténdose nun instrumento para favorecer o relevo xeracional no tecido empresarial do territorio rural da provincia da Coruña.

3. DESTINATARIAS DA AXUDA E CONTRATO.

A Deputación da Coruña, mantendo aos requisitos e condicións do real decreto 1234/2018, de 5 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa de subvencións a entidades locais para o financiamento de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación e no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ) e a súa liña de promoción do emprego sustentable e de calidade, limita o acceso a estas axudas a aquelas empresas e empregadoras que realicen contratacións indefinidas de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

As empresas e empregadoras han de contar cun modelo de negocio potenciador da economía verde, azul, circular ou ter implementadas medidas de desenvolvemento sustentable, integrantes do tecido empresarial local, calquera que sexa a súa forma xurídica, e que estean legalmente establecidas nos territorios rurais do ámbito de aplicación destas axudas.

Os requisitos de ambas destinatarias (empresas/empregadoras e persoas) e as referidas á modalidade de contratación son os establecidos nas "Instrucións para a aplicación e desenvolvemento da convocatoria de axudas do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ), dirixidas a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación" no seu apartado 8.2.4.2 Axudas á empresas.

3.1 Requisitos:

As axudas van dirixidas ás pequenas, medianas empresas, microempresas e/ou persoas autónomas (empregadoras), promotoras de iniciativas empresariais sustentables que, con anterioridade á data da publicación da convocatoria desta axuda, desenvolvan unha actividade con ánimo de lucro, calquera que sexa a súa forma xurídica, e reúnan os seguintes requisitos:

3.1.1. Comúns a persoas físicas e xurídicas:

a) Domicilio fiscal e/ou centro de traballo nun concello da provincia da Coruña de menos de 5.000 habitantes ou de entre 5.001 e 10.000 habitantes con saldo demográfico negativo.

- b) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias en relación coa Lei Xeral de Subvencións.
- c) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social en relación coa la Lei Xeral de Subvencións.
- d) Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Deputación da Coruña
- e) A actividade profesional da empresa/empregadora deberase ter exercida con anterioridade á data de solicitude e manterse de modo efectivo ao longo do período temporal declarado do contrato da persoa moza.

3.1.2. Específicos:

Persoas físicas:

Estar dadas de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional.

Persoas xurídicas:

Estar inscritas no rexistro mercantil ou no rexistro público correspondente.

3.2. Requisitos das persoas mozas contratadas/a contratar.

As persoas mozas, destinatarias finais das axudas, contratadas ou a contratar polas entidades beneficiarias das mesmas, deben cumprir as seguintes condicións:

a) No momento da formalización do contrato obxecto de axuda, teñen que ter unha idade comprendida entre os 16 e os 29 anos (ambos incluídos). Unha vez cumpridos 30 anos, poderán ser destinatarias de actuacións se inician a súa participación antes de que transcorran 4 meses. No caso de que unha persoa cumpra os 30 anos e 4 meses mentres participe no proxecto, poderá manter a súa participación.

b) Estar inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil de xeito previo á formalización do contrato. As persoas que non foran debidamente inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil antes de cumprir os 30 anos non serán elixibles.

c) Estar empadroadas en calquera localidade dos territorios rurais obxecto desta axuda e residir durante todo o período de vixencia da subvención en algún dos 64 municipios.

d) Os mozos e mozas participantes no poderán figurar como contratados mais dunha vez a non ser que se trate de empresas diferentes.

3.3. Requisitos do contrato.

Contrato efectuado baixo a modalidade de indefinido a tempo completo.

a) Poderase admitir a modalidade de contrato a distancia ou teletraballo ou a existencia dun centro de traballo itinerante, tendo en conta sempre que a persoa moza contratada resida nun dos concellos incluídos no ámbito do proxecto.

b) O contrato terá que estar comunicado ao Servizo Público de Emprego de Galicia e formalizado nos modelos estandarizados establecidos.

3.4. Exclusiones:

a) Non poderán ser solicitantes destas axudas as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carente de personalidade xurídica propia.

b) Tampouco poderán ser solicitantes as asociacións, autónomos colaboradores, autónomos dependentes, sociedades civís en calquera das súas formas xurídicas e as corporacións de dereito público (Confrarías...).

c) Se exclúen tamén como posibles entidades beneficiarias das presentes axudas aos entes do sector público estatal, autonómico e local.

d) As contratacións de traballadores/as para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición realizado con empresas de traballo temporal ou baixo a modalidade de enclaves laborais dos Centros Especiais de Emprego.

4. SUBVENCIÓN, CONTÍA E LÍMITES TEMPORAIS SUBVENCIONABLES.

Subvencionarase a contratación baixo a modalidade de contrato indefinido a tempo completo da mocidade desempregada e inscrita no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil empadroada nos concellos da provincia que manteñan as características definidas na base 2.

Cada empresa ou empregadora poderá efectuar a solicitude de subvención para contratar entre unha e ata cinco persoas mozas traballadoras distintas.

Só poderá concederse unha subvención por mozo ou moza contratada, agás naqueles casos nos que sexan efectuados contratos dos que se xustifique un período superior a seis meses por empresas e ou empregadoras distintas, nas

situacións de baixa voluntaria ou despido procedente do traballador/a, tendo en conta ademais, que serán consideradas como unha soa entidade, todas aquelas nas que os/as socios/as ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas, nos termos establecidos na lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que poidan encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

Isto tamén será de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do/a traballador/a con empresas ás que sucedera a solicitante desta axuda.

A contía da axuda por cada novo/a traballador/a xove será igual ao resultado de multiplicar o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) do ano vixente por 0,5 e polo número de meses de permanencia na empresa/empregadora que recibe e xustifica a axuda (sempre que sexa superior a 6 meses).

PEL RELEVO_CREACIÓN DE EMPREGO PARA A MOCIDADE		
N.º traballadores/as	Fórmula para o cálculo da axuda	Límite temporal da axuda
Entre 1 e cinco	SMI vixente x 0,5 x mes xustifico x n.º de contratos efectuados	12 meses

Unicamente serán subvencionadas as contratacións realizadas entre o 1 de abril de 2019 e as iniciadas ata un máximo de tres meses a contar desde a data de publicación no Boletín Oficial da Provincia da resolución de concesión destas subvencións, tendo en conta que o mínimo período temporal a subvencionar é de 6 meses.

5. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

5.1. Con outras axudas do Plan de Emprego Local e de outras administracións/entidades públicas.

As subvencións concedidas serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada para os mesmos conceptos.

As axudas son incompatibles con calquera outra axuda concedida por esta Deputación, incluídas as concedidas ao amparo do Plan de Emprego Local, agás as concedidas a través de PEL RURINNOVA.

En ningún caso a suma das axudas públicas recibidas para a mesma finalidade poderá ser superior ao custo do persoal subvencionado.

5.2. Réxime de Mínimis.

As axudas estarán suxeitas ao límite establecido pola regra de mínimos, de acordo ao Regulamento UE 1407/2013, da Comisión, de 18 de decembro de 2013 e o posterior Regulamento UE 2019/316 da Comisión, de 21 de febreiro de 2019 polo que se modifica o Regulamento UE 1408/2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola:

A axuda total de mínimos concedida a unha única empresa non excederá de 200.000 € durante os tres últimos exercicios fiscais.

Cando se trate dunha empresa que realice por conta allea operacións de transporte de mercadorías por estrada, o importe total das axudas de mínimos concedidas non excederá de 100.000 € durante os tres últimos exercicios fiscais, sen que estas axudas se poidan empregar para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

Cando se trate dunha empresa no sector agrícola, a axuda total de mínimos concedida non excederá de 20.000 € durante os tres últimos exercicios fiscais.

Cando se trate dunha empresa no sector da pesca e a acuicultura, a axuda total de mínimos concedida non excederá de 30.000 € durante os tres últimos exercicios fiscais.

As entidades incluírán na xustificación unha declaración de todos os ingresos e axudas solicitados e recibidos, tanto públicos como privados.

6. FORMA, PRAZOS E DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE DE AXUDAS.

6.1. Forma.

As empresas e/ou persoas empregadoras interesadas en participar na convocatoria de axudas PEL RELEVO deberán comunicar a súa vontade de adhesión á mesma rexistrándose, se non o estiveran, na plataforma telemática SUBtel (acceso dende a páxina web www.dacoruna.gal) mediante a sinatura electrónica da persoa representante legal e, cumprimentando os campos da solicitude a través do apartado correspondente á convocatoria PEL RELEVO

Para presentar a solicitude de xeito telemático é imprescindible que a empresa solicitante, no caso de persoas físicas, e/ou a representante legal da entidade, cando se trate de persoas xurídicas, dispoñan de sinatura electrónica.

Precísase que a empresa solicitante declare e se comprometa ao cumprimento dos requisitos recollidos na base 3. DESTINATARIAS E CONTRATO, na base 8. INFORMACIÓN DAS CARACTERÍSTICAS e coas OBRIGAS E COMPROMISOS perti-

nentes relativos á base 9, que estarán dispoñibles como formularios na plataforma de tramitación telemática de solicitudes de subvención (SUBtel) no momento da presentación da solicitude.

No caso de presentación de varias solicitudes por parte da mesma empresa/empregadora ou distinta, e para a mesma persoa moza e o mesmo período temporal, so se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación de A Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>)

6.2 Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes das axudas PEL RELEVO determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no Boletín Oficial da Provincia, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones.

6.3. Documentación a presentar.

No momento da presentación da solicitude, as entidades deberán proporcionar a información solicitada no formulario da plataforma telemática SUBTeL, e subir á mesma a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda.

6.3.1. Documentación xeral:

- Anexo I. Declaración de Mínimis. Os/as solicitantes da axuda deben declarar as axudas públicas e7ou privadas recibidas baixo o réxime de mínimis nos tres últimos exercicios fiscais. (Só no caso dos/as solicitantes que solicitasen ou teñan recibido outras axudas públicas baixo o réxime de mínimis nos tres últimos anos).

- Anexo II. Autorización de representación para a presentación da solicitude, só no caso de non coincidir coa persoa solicitante (no caso de persoas físicas), ou co representante legal da entidade (no caso de persoas xurídicas).

- Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado.

6.3.2. Documentación específica:

Persoas físicas:

Informe de Vida laboral do/a autónomo/a onde conste a data de alta no RETA.

Persoas xurídicas:

Escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores (se as houbese), ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente no caso de estar obrigados.

Os anexos correspondentes a esta liña de axudas estarán dispoñibles e poderán ser descargados na plataforma telemática SUBtel no momento de presentar a solicitude e en cada unha das fases de tramitación da axuda.

7. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E APROBACIÓN.

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co disposto no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, apartado b) e c) e no artigo 19.2 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que as características do outorgamento e a súa contía veñen formuladas no Real Decreto 1234/2018, deo 5 de outubro, e as súas instrucións de aplicación e desenvolvemento de proxectos con cargo a liña EMP_POEJ do Fondo Social Europeo, e de acordo coa finalidade e obxecto do PEL RELEVO e as súas peculiaridades en canto as entidades e persoas beneficiarias e a súa localización, non resulta necesario realizar a comparación entre as solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realizarase pola comprobación da concorrencia na empresa/empregadora solicitante, dos requisitos e características establecidos nas

bases reguladoras ata o esgotamento do crédito orzamentario, e o alcance do número de axudas previstas en base a ese orzamento.

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia na documentación e/ou información achegada, realizará requirimento á solicitante, para que a emende a través da plataforma SUBTeL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a dita aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que a solicitante non emende no dito prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

A presidencia da Deputación ditará resolución de concesión definitiva, que deberá notificárcelles á interesada mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

8. INFORMACIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DAS SOLICITANTES.

Para a presentación de esta información obrigatoria atenderase ao formulario dispoñible en SUBtel que marcará cada unha das solicitantes no momento de cumprimentar a solicitude xunto co Anexo III. Medidas de responsabilidade social empresarial, que deberá ser cumprimentado e achegado ao expediente de solicitude.

Formulario SubTEL

PEL RELEVO		
	CRITERIO	CARACTERÍSTICA
1	Poboación do municipio no que se sitúa o domicilio fiscal da empresa Datos de poboación municipal segundo os últimos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística (IGE)	Menor ou igual a 2.000 habitantes
		De 2.001 a 4.000 habitantes
		De 4.001 a 5.000 habitantes
		De 5.001 a 10.000 habitantes con saldo demográfico negativo
2	Tipoloxía da empresa	Empresario/a individual ou autónomo/a
		Microempresa (De 0 a 10 traballadores/as)
		Pequena empresa (De 11 a 50 traballadores/as)
		Mediana empresa (De 51 a 250 traballadores/as)
3	Empresa enmarcada na economía social	Cooperativa
		Sociedade Laboral
		Centros Especiais de Emprego
4	Características da empresa ou da empregadora	Actividade baixo a modalidade da economía verde
		Actividade baixo a modalidade da economía azul
		Actividade baixo a modalidade da economía circular
5	Cadro de persoal da empresa, no caso de ter persoal contratado	No caso de ter persoal contratado, o 75% dese cadro de persoal o está baixo a modalidade de contrato indefinido
		No caso de ter persoal contratado, o 50% dese cadro de persoal o está baixo a modalidade de contrato indefinido
		No caso de ter persoal contratado, o 30% dese cadro de persoal o está baixo a modalidade de contrato indefinido
6	Forma de selección do persoal contratado/ a contratar	Para contratar ao mozo/a destinatario da axude acode a: Servizo Público de Emprego de Galicia, e/ou Rede de Técnicos Locais de Emprego e Desenvolvemento Local, e/ou Rede de Persoal Orientador en Entidades Colaboradoras públicas, e/ou Axencias de colocación que sexan entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego.
		Para contratar ao mozo/a destinatario da axude acode a: Axencias de Colocación (entidades privadas), e/ou Portais de Emprego, e/ou Rede LinkedIn, e/ou Outras redes sociais de busca de emprego.
		Outros procesos de selección.
7*	Características da persoa moza desempregada contratada ou a contratar Datos referidos á data da contratación	Primeiro emprego
		Reincorporación ao mercado laboral (despois da maternidade/crianza ou coidado de maiores dependentes)
		Moza desempregada
		Mozo ou moza desempregada de longa duración (aqueles mozos e mozas que na data da súa contratación por conta allea estean sen traballo e acrediten un período de inscrición como desempregados/as no Servizo Público de Emprego de Galicia, a lo menos, doce meses durante os dezaoto meses anteriores a súa contratación)
		Mozo ou moza con grao de discapacidade igual ou superior ao 33%
		Mozo ou moza migrante
8*	Perfil profesional e de empregabilidade da persoa contratada ou a contratar	Mozo/moza non cualificado/a
		Mozo/moza con baixa cualificación profesional
		Mozo/moza cualificado/a

9*	Nivel de especialización e cualificación do posto de traballo a desenvolver	Auxiliar/axudante non cualificado
		Auxiliar/axudante cualificado
		Especialista
		Técnico ou axudante titulado
		Especialista universitario
	Dirección ou xerencia	
10	Características do posto de traballo a desenvolver	Emprego verde: desenvolve accións de mellora da xestión e dos procesos internos e medioambientais da actividade, coa fin de reducir os consumos enerxéticos, os residuos empresariais e as emisións de gases para a mellora e a protección do medio natural.
		Emprego azul: desenvolve accións de mellora da xestión e dos procesos internos e medioambientais da actividade, coa fin de mellorar a protección do medio natural marítimo e costeiro.
		Desenvolvemento de accións de mellora das cualificacións do cadro de persoal.
		Impulso de accións de sustentabilidade empresarial
		Impulso de accións de innovación social da empresa.
	Impulso de accións de impacto ambiental positivo na produción de bens ou servizos empresariais.	
11	Non beneficiaria na convocatoria PEL- PEMES CRE/AMP	A solicitante non foi beneficiaria desta axuda nas convocatorias PEL- PEMES CRE/AMP
12	Utilización da lingua galega	Emprego da lingua galega na realización das accións, actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.

Medidas de responsabilidade social empresarial

<p>Información sobre as medidas internas para e/ou co cadro de persoal: mellora da contorna de traballo e do clima laboral, adquisición e desenvolvemento de competencias profesionais, conciliación, igualdade de oportunidades, seguridade e estabilidade no emprego, sustentabilidade do centro de traballo e a súa contorna, respecto medioambiental no ciclo de produción, etc. (non serán valoradas aquelas medidas xa contempladas como obrigatorias na lexislación vixente)</p>
<p>Información sobre as medidas cara e ou cos clientes, consumidores e a sociedade en xeral: mellora da comunicación e transparencia da información empresarial, implantación de principios éticos en materia de comercialización e publicidade e nos dereitos dos consumidores, produtos ou servizos adaptados ás necesidades especiais dos clientes con discapacidade ou persoas de maior idade, campañas de sensibilización medioambiental, formulación de accións de reutilización e reciclaxe para o peche enerxético da produción (aproveitamento e explotación de residuos/sobrantes na produción de bens ou servizos), voluntariado corporativo, provedores locais, participación en accións de desenvolvemento local, apoio ao emprendemento, etc. (non serán valoradas aquelas medidas xa contempladas como obrigatorias na lexislación vixente)</p>
<p>Información sobre o apoio económico ou de outra natureza na realización de proxectos da comunidade de carácter cultural, deportivo, benéfico, lúdico o social.</p>

9. COMPROMISOS E OBRIGAS.

As empresas beneficiarias deberán cumprir estritamente os seguintes compromisos e obrigas:

- Non estar nin ter estado incurso en expediente de regulación de emprego, regulación ou despedimento improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP.

- Autorizar á Deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Deputación desde a data de presentación da solicitude de subvención.

- Cumprir con todos os requisitos indicados nas bases e manter a mesma forma xurídica desde a data de solicitude da axuda e ata a finalización do período subvencionado.

- Cumprir coa normativa de mínimos e declarar ao presentar a solicitude que non supera os límites establecidos en dita normativa para o seu sector.

- Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que puidese afectar á solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora da axuda.

- Cumprir coa normativa laboral, cos requisitos esixidos no Estatuto dos Traballadores e na lexislación sobre a modalidade de contratación subvencionada, os de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais, de seguridade e saúde no traballo que se atope vixente durante o desenvolvemento do contrato e para ese posto traballo.

- Cumprir co método de selección do/da traballador/a indicado pola entidade na solicitude. No caso de que a Unidade xestora detecte que o/a beneficiario/a non seleccionou ao/á traballador/a segundo o método indicado na súa solicitude, tramitárase a perda de dereito ao cobro da axuda.

- Cumprir coas características da persoa contratada e do posto de traballo indicados na solicitude, de acordo á base 8 e a información proporcionada nos criterios 7. 8. e 9. do formulario.

- Adecuar en todo caso os salarios abonados aos/ás traballadores/as ao convenio colectivo de aplicación. Así mesmo, a alta na Seguridade Social deberá realizarse no grupo de cotización de acordo á categoría profesional requirida para o posto de traballo correspondente.

- Manter a modalidade de contrato requirida e indicada na solicitude.

- Cumprir cos deberes económicos de carácter salarial e tributario en prazo ordinario, independentemente do momento do pago da subvención.

- Utilizar formas de pago a terceiros (traballadores/as contratados/as) que poidan acreditarse mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificada a persoa contratada, o importe e a data dos pagos que lle correspondan (transferencias bancarias).

- Exercer e manter a actividade profesional da empresa de modo efectivo ao longo do período temporal declarado e manter a actividade inherente ao posto de traballo contratado ao longo do período temporal declarado, salvo os períodos de interrupción establecidos polo cumprimento das disposicións do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo, ou normativa posterior que afecte ao mantemento da actividade profesional.

- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos das axudas PEL RELEVO.

- Manter o nivel de emprego existente na empresa beneficiaria, desde a data de solicitude da axuda e durante todo o período subvencionado. Para tal efecto enténdese que cumpre coa obriga de mantemento cando o número de traballadores da empresa na data de finalización do período subvencionado sexa maior ao existente no momento de publicación das bases reguladoras da axuda.

- Enténdese que a empresa beneficiaria da subvención cumpre con esta obriga cando a causa da baixa do contrato sexa o falecemento dun/unha traballador/a, ou pase á situación de incapacidade laboral permanente, nos seus graos de incapacidade total, absoluta ou gran invalidez, a xubilación total, ou despedimento disciplinario recoñecido ou declarado como procedente ou baixa voluntaria do traballador/a e pola finalización de contratos para a formación e a aprendizaxe, de contratos en prácticas e de contratos de duración determinada, previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores.

- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar a Deputación da Coruña, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.

- Declarar xunto aos trámites de solicitude e de xustificación, a obtención ou non de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Conservar os documentos xustificativos de aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar cumprimento ao uso da lingua galega na realización das accións, actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación e solicitar a autorización de cada persoa moza contratada para a cesión dos seus datos persoais relacionados coa contratación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento da actividade realizada, figurando expresamente en lugar visible no centro de traballo, logotipo da Deputación e mención expresa ao proxecto Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, incluíndo a referencia á cofinanciación pola Iniciativa do Fondo Social Europeo de Emprego Xuvenil e á Garantía Xuvenil, e á convocatoria específica: PEL RELEVO FOMENTO DA CONTRATACIÓN DA MOCIDADE DA PROVINCIA DA CORUÑA. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.
- Cumprir os requisitos de información e comunicación previstos no artigo 115 e no anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013. Estes requisitos refírense a informar sobre a cofinanciación do Fondo Social Europeo incluíndo os logos da Unión Europea e do POEJ.
- A publicidade e información referida nos dous puntos anteriores deberá incluírse na web da empresa, de existir esta, en toda a documentación relacionada coa persoa contratada e na propia sede da empresa e/ou nos medios e equipamento do posto de traballo itinerante dende a concesión da axuda e durante todo un período de seguimento de 18 meses respecto ao mantemento da actividade empresarial e o emprego creado.
- Enviar xunto coa xustificación, documentación gráfica da publicidade realizada nas actividades e/ou actuacións realizadas con cargo á subvención concedida.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de todo orde puidesen derivarse.

11. PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN.

O prazo máximo para resolver será de 6 meses a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións e o artigo 21.2 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución notificarase aos interesados segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015 e publicarase no BOP e na páxina web do Plan de Emprego Local (<https://emprego.dacoruna.gal/>).

12. XUSTIFICACIÓN, CUMPRIMENTO DA FINALIDADE E PAGO DA SUBVENCIÓN.

12.1. Prazo.

O prazo para a xustificación das subvenciones será ata o 30 de abril de 2022 ou o da finalización do período temporal a declarar e xustificar (sempre que o período que se xustifique sexa superior a 6 meses e ata un máximo de 12 meses como establecen as normas da axuda).

12.2. Cumprimento da finalidade básica da axuda.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e proceder ao seu pago, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique un contrato por un período temporal igual ou superior aos seis meses aboarase a totalidade do importe que corresponda ao período temporal xustificando segundo os cálculos formulados para esta axuda.
- No caso de que se xustifique un contrato por un período temporal inferior ao mínimo establecido, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador disposto nas normas de xeral aplicación.

• No caso de obter outras axudas, subvencións ou ingresos do Plan de Emprego Local e de outras administracións/ entidades públicas para financiar o mesmo obxecto, o importe a xustificar será a suma de todas as axudas percibidas, e o importe a aboar calcularase sobre esa suma de axudas percibidas aplicando o límite establecido pola regra de mínimos segundo o sector que corresponda.

Recibida e revisada a documentación xustificativa, a Deputación da Coruña realizará un control de verificación á entidade beneficiaria do cumprimento das exigencias declaradas e de non existir razóns en contra, a Deputación aboará o pago en función do importe efectivamente xustificativo, ata un máximo do importe total da subvención calculada para o período temporal xustificativo.

Neste proceso de control, a deputación poderá efectuar comprobacións materiais encamiñadas á verificación do mantemento efectivo da actividade empresarial, mediante a visita ás entidades por parte de funcionarios/as provinciais, de acordo co disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 38/2003.

12.3. Documentación xustificativa.

A subvención concedida farase efectiva logo da presentación telemática da seguinte documentación xustificativa do cumprimento das condicións e da consecución dos obxectivos previstos na concesión:

PEL RELEVO. CREACIÓN DE EMPREGO PARA A MOCIDADE	
1	DNI do /da traballador/a contratado
2	Documento que acredite a inscrición no rexistro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil do mozo/a contratado/a (Acceso a zona persoal na plataforma de Garantía Xuvenil e descarga no apartado de "notificacións" do documento, en formato "pdf", que acredita que a persoa solicitante está rexistrada e é beneficiaria do sistema)
3	Contrato de traballo formalizado nos modelos estandarizados e establecidos e debidamente comunicado á Oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia correspondente.
4	Rexistro do contrato na aplicación "Contrata" dos Servizos Públicos de Emprego, co número de oferta (no caso de aquelas contratacións nas que a selección do/da traballador/a se realice a través do Servizo Público de Emprego de Galicia)
5	Parte de alta do/a traballador/a na seguridade social
6	Informe Datos de Cotización- Traballador/a Conta Allea
7	Nóminas mensuais da persoa traballadora correspondentes ao período xustificativo
8	Xustificantes bancarios do pago das nóminas
9	Certificado de Vida Laboral do/da traballador/a
10	Autorización individual asinada por cada traballador/a, con mensualidades de contrato subvencionado, para a cesión dos datos persoais relacionados. (Formulario dispoñible na plataforma SUBTEL)
11	Memoria resumo xustificativa que conteña: Descrición do proceso de selección de traballadores/as Tarefas e actividades desenvolvidas polo/a traballador/a durante o período xustificativo Descrición do lugar e centro de traballo onde se desenvolveron. Medios técnicos e equipamentos postos a disposición do traballador/a para o desenvolvemento das tarefas. Continuidade no desenvolvemento do posto de traballo. (Formulario dispoñible na plataforma SUBTEL)
12	Informe do Técnico de Emprego do Concello, no caso daquelas contratacións nas que a selección do/da traballador/a se realice a través da Rede Municipal de Técnicos de Emprego e Desenvolvemento Local. (no caso daquelas contratacións nas que a selección se realice a través deses recursos municipais).
13	Documento acreditativo de realización da selección a través de agencias de colocación privadas, portais de emprego ou redes sociais (no caso daquelas contratacións nas que a selección se realice a través deses medios).
14	Certificado de discapacidade emitido pola administración competente vixente na data de formalización do contrato (no caso de contratación de persoas con grao de discapacidade igual o superior ao 33%).
15	Taxeta de demandante de emprego do mozo ou moza contratado/a (acreditación da contratación dunha persoa desempregada).
16	Informe dos Servizos Sociais Municipais (acreditación da reincorporación ao mercado laboral (despois da maternidade/crianza ou coidado de maiores dependentes).
17	Documentación acreditativa da pertenza a colectivos con discapacidade da persoa moza contratada, ou da empregadora solicitante ou das persoas socias da empresa que posúan como mínimo o 50% do capital social da entidade. (Certificado de discapacidade emitido pola Administración Competente vixente á data da publicación da convocatoria)
18	Informe de vida laboral da empresa/empregadora beneficiaria da subvención dende a data de inicio do período de execución de PEL RELEVO, 1 de abril de 2019 e actualizado á data de incorporación no expediente de xustificación.
19	Certificación de ingresos recibidos a través doutras axudas ou recursos (Formulario dispoñible na plataforma SUBTEL)
20	Declaracións de IVA segundo o imposto e o obrigado tributario do período temporal declarado, ou calquera outro medio que demostre o nivel continuado de execución da actividade empresarial, considerándoa como aquela na que a contribuínte (empresa/empregadora) ordena por conta propia os medios de produción e/ou os seus recursos humanos, co propósito de intervir na produción de bens ou servizos.
21	Nos supostos de extinción laboral formulados como causas excepcionais: Carta de baixa voluntaria / Carta de despido laboral. Documento de baixa do traballador/a na Seguridade Social Documentación acreditativa da alta do/a nova traballador/a indicada
22	Documentación gráfica da publicidade realizada no centro de traballo e enlace á páxina web da empresa, no caso de existir. Lembre que na publicidade, ten que figurar expresamente nun lugar visible no centro de traballo o logotipo da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña e a súa convocatoria específica: PEL RELEVO FSE_EMP POE Acceso ao Logotipos: https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-pel https://www.caib.es/sites/fonseuropeus/es/l/logotipos_fse/?mcont=87106 O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa/empregadora no caso de tela.
23	Impreso de comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros a efectos de domiciliación dos importes que proceda ordenar a Deputación Provincial da Coruña (salvo que a conta bancaria para estes ingresos sexa a mesma que a presentada para outras convocatorias.) Este impreso está dispoñible na plataforma SUBTEL no momento de enviar a xustificación.

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobro total da subvención, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia das causas previstas nos artigos 31.4.b e 37 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

CAUSAS EXCEPCIONAIS

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, por causas sobrevidas debidamente xustificadas como poden ser a baixa voluntaria ou o despido procedente, as empresas ou empregadoras beneficiarias poderán, e sempre tendo en conta que o límite do prazo para xustificar a axuda é ata o 30 de abril de 2022, proceder a unha nova contratación baixo a modalidade de indefinida a tempo completo, nun prazo máximo de 30 días desde a extinción do contrato anterior. Nesta situación, o novo período temporal a xustificar tamén terá que ser igual ou superior a 6 meses.

As beneficiarias incursas en supostos excepcionais de extinción da relación laboral que procedan a realizar unha nova contratación segundo o indicado no parágrafo anterior, deberán aportar a documentación relativa á baixa anterior e á alta da nova persoa contratada na fase de xustificación.

13.4. Pago da subvención.

O pago da subvención farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento do obxecto para o que foi concedida e realizarase nun único pago polo importe máximo do total da axuda segundo o cálculo mensual que corresponda.

14. INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN.

O incumprimento dos prazos na presentación das solicitudes de axuda ou de emenda da documentación correspondente si procede, suporá a exclusión do proceso de valoración para a concesión da subvención.

No tocante ao tramite de xustificación das axudas, si unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación.

A falla de presentación da documentación xustificativa nese prazo suporá a perda do dereito ao cobro da subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades previstas na lei xeral de subvencións.

A beneficiaria poderá realizar unha autoliquidación para devolver voluntariamente as cantidades a reintegrar, sen prexuízo da tramitación do perceptivo expediente de reintegro.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a graduación de sancións pecuniarias pola comisión de infraccións leves recollidas no artigo 47 da Ordenanza Xeral de Subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

Aplicarase a compensación para o cobro da sanción, excepto que a entidade sancionada formule oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

15. DESISTIMENTO OU RENUNCIA Á SUBVENCIÓN.

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as solicitantes, poderán desistir da súa petición. O desistimento realizarase por escrito mediante a presentación do modelo correspondente dispoñible na plataforma SUBTeL.

Unha vez publicada a resolución definitiva de concesión da subvención polo órgano competente, as entidades beneficiarias poderán renunciar á subvención por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas axustándose ao formulario que estará dispoñible na plataforma SUBTeL.

No caso de que as entidades beneficiarias non comuniquen a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

15.1. Reintegro.

A beneficiaria poderá renunciar á parte da subvención non aplicada e realizar a autoliquidación como medio dispoñible para que a beneficiaria poida efectuar dun modo voluntario a devolución das posibles cantidades indebidamente percibidas ou ás que estivera obrigada a reintegrar. Este suposto de devolución voluntaria da subvención é de aplicación en calquera momento do período subvencionable.

16. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo lo no previsto en estas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real Decreto 1234/2018, de 5 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa de subvencións a entidades locais para a financiamento de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ) e a súas Instrucións de aplicación e desenvolvemento.
- Bases de execución do presuposto da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- Bases reguladoras de convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- Ordenanza Xeral de Subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19
- Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para la xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, de 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Regulamento (UE) n.º 1408/2013, da Comisión, de 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Regulamento (UE) 2019/316 da Comisión de 21 de febreiro de 2019 polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1408/2013, da Comisión, de 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola
- Regulamento (UE) n.º 717/2014, da Comisión, de 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, de 28 de xuño).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Regulamento (UE) N.º 1303/2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos Fondos Estruturais e de Inversión Europeos.
- Regulamento (UE) N.º 1304/2013, relativo ao FSE.
- Regulamento Delegado (UE) N.º 480/2014, que complementa ao Regulamento (UE) N.º 1303/2013.
- Regulamento de Execución (UE) N.º 821/2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) N.º 1303/2013.
- Regulamento de Execución (UE) N.º 1011/2014, polo que se establecen normas detalladas para a aplicación do Regulamento (UE) N.º 1303/2013.
- Regulamento OMNIBUS (UE, EURATOM) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de Xulio de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) N.º 1301/2013, (UE) N.º 1303/2013, (UE) N.º 1304/2013, (UE) n.º 1309/2013, (UE) n.º 1316/2013, (UE) n.º 223/2014 y (UE) n.º 283/2014 e a Decisión n.º 541/2014/UE e polo que se deroga o Regulamento (UE, EURATOM) n.º 966/2012.

A Coruña, 30 de decembro 2020.

O presidente

Valentín González Formoso

O secretario

José Luis Almau Supervía

2020/9979